



CERTAME FOTOGRAFICO 2018



BASES

TEMÁTICAS | Serán aceptadas tódalas fotografías que teñan que ver coa Comarca Condado Paradanta nos seus distintos aspectos, se ben deberán ir incluídas en algunha destas 6 categorías:

- Natureza e paisaxe
- Cultura e tradicións
- Arquitectura
- Gastronomía
- Temática libre (para aquelas que non encaixen en ningunha das anteriores)
- Fotografía artística (para persoas que queiran aplicar técnicas de retoque dixital aos seus traballos)

PARTICIPANTES | Poderán concorrir a este certame fotográfico tódalas persoas que o desexen, sexan profesionais ou afeizoados, sempre que os seus traballos se axusten ás bases do mesmo.

FORMATO | As fotografías deberán ir en formato dixital (jpeg, jpg, png, tiff) e terán un tamaño mínimo de 1280 x 972 píxeles e resolución de 300 ppp.

MODO DE ENTREGA | Os traballos deberán enviarse por e-mail ou wetransfer á seguinte conta de correo electrónico: gdr@gdrcondadoparadanta.gal Para ser incluídas nas votacións do mes seguinte á súa recepción, deberán estar en poder do GDR Condado Paradanta antes das 23:00 do penúltimo día do mes. Cada participante deberá referenciar expresamente, no momento do envío do seu traballo, a temática na que quere participar.

CATEGORÍAS de PREMIOS

- Premio do xurado: será premiada unha foto por cada temática cada mes despois da deliberación dos membros do xurado.
- Premio do público: será premiada unha foto por cada temática cada mes por votación popular na páxina de Facebook do GDR Condado Paradanta

XURADO	<p>O xurado profesional estará formado por 4 persoas elixidas polo GDR Condado Paradanta que teñan vinculación co mundo da fotografía ou das artes. Ningunha das persoas que conforman o xurado ou que garden algún parentesco con eles poderá resultar gañadora en ningunha temática.</p> <p>Para os premios do público, calquer persoa pode emitir votos a través da páxina en Facebook do GDR Condado Paradanta, facendo “me gusta” na fotografía elixida, poidendo votar a tódalas temáticas que se desexen.</p>
FALLO E NOTIFICACIÓNS	<p>A mes cerrado faranse públicas as fotografías recibidas e abrírase o periodo de votacións, que pechará o día 20 de cada mes ás 00:00</p> <p>O xurado profesional deliberará o día 19 de cada mes e debe ter o seu veredicto o día 20 ás 00:00</p> <p>A notificación dos gañadores farase a través da web do GDR Condado Paradanta e da páxina en Facebook.</p>
PREMIOS	<p>Os traballos premiados pasarán a formar parte dunha exposición itinerante que o GDR Condado Paradanta levará polos distintos Concellos. Ademais, ao final do certame cada un dos premiados recibirá a súa obra en formato “cuadro” a grande calidade.</p> <p>De entre todas as obras expostas, elixiránse por votación dun xurado conformado por profesionais e autoridades, un gañador absoluto por temática (6 obras premiadas en total) que recibirán un premio por determinar. Este fallo producirase no mes de Xaneiro do 2019 entre todos os traballos recibidos e premiados no ano 2018</p>
DEREITOS DE AUTOR	<p>A organización resérvase o dereito de uso das obras premiadas, poidendo realizar as copias que precise para a súa reprodución en exposicións ou para uso documental do GDR Condado Paradanta (web, redes sociais, pdf, ou calquer outro documento propio da institución), sen limitación de tempo ou lugar, indicando o nome de autor nos títulos de crédito ou nalgún lugar dentro da propia fotografía. Este dereito é compatible co uso que o propio autor queira seguir facendo do seu traballo.</p> <p>Os participantes deberán ser os únicos titulares dos dereitos de autor das fotografías e responsabilizaranse totalmente de que non existan conflitos de autoría con terceiros nas obras presentadas, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe que poida aparecer relativa ás súas obras.</p>
EXCLUSIÓNS	<p>A Organización resérvase o dereito de exclusión de calquer traballo que non pertenza á Comarca Condado Paradanta.</p>

Rúa Silleda, s/n, 36880 - A Cañiza - Pontevedra

Teléfono 986 663 329

Páxina web: www.gdrcondadoparadanta.gal

E-mail : gdr@gdrcondadoparadanta.gal



GDR
CONDADO PARADANTA